




As Xornadas Interxeracionais Rurais seguen cumprindo anos coa participación de veciñas e veciños do concello de Xermade e tamén de Friol, San Sadurniño, Esmelle (Ferrol) ou Cedeira. Este ano poñeremos en valor a agrogandeiría galega, falarase da situación actual no campo, dos seus problemas e dos novos retos.

Desde Friol e Esmelle traerán a Cabreiros experiencias de Asociacións veciñais que traballan para valorizar o rural coa implicación de veciñas e veciños.

María e Laura, mozas do concello de Xermade, presentarán unha guía das asociacións que temos nas distintas parroquias e remataremos a Xornada con dous grupos de pandereteiras, cantadeiras e bailadoras, de 4 a 85 anos que nos acompañan desde San Sadurniño e Cedeira.

Pola tarde emitirase un fermoso programa de radio dirixido por dous expertos xornalistas, onde se dará voz ás asociacións que nos contarán os seus proxectos e historia e tamén á xente do público que desexe participar.

O último día das Xornadas falaremos de saúde, farase entrega e presentación do II Premio Xermade na Historia, e pola tarde, Maxia e Teatro para todos os públicos.



SUBVENCIONA:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



CONCELLO
DE XERMADE

COLABORAN:




XII XORNADAS INTERXERACIONAIS RURAIS

"APRENDENDO COS NOSOS MAIORES"

Cabreiros, 28 de Maio, 4 e 11 de Xuño de 2016

Concello de Xermade



ORGANIZAN:

